

### III. OUTRAS DISPOSICIÓN

#### CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

*ORDE do 30 de agosto de 2013 pola que se modifica a Orde do 9 de agosto de 2013 pola que se aproban os concertos educativos cos centros docentes privados de educación infantil, educación primaria, educación secundaria obligatoria, educación especial, programas de cualificación profesional inicial e ciclos formativos de graos medio e superior, e se corrixe erros.*

En virtude da Orde do 9 de agosto de 2013 aprobáronse os concertos educativos cos centros docentes privados de educación infantil, educación primaria, educación secundaria obligatoria, educación especial, programas de cualificación profesional inicial e ciclos formativos de graos medio e superior (*Diario Oficial de Galicia* núm. 155, do 14 de agosto).

Por Resolución do 23 de agosto de 2013, o conselleiro de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria estimou parcialmente o recurso potestativo de reposición interpuesto polo CPR Plurilingüe Lar de Mos (Pontevedra) contra a devandita orde de aprobación dos concertos educativos para o curso 2013/14 e seguintes.

Así mesmo, no anexo I da orde, no relativo ao concerto de ciclos formativos de graos medio e superior, existen diversos errores materiais que afectan o concello, a denominación dos centros e a denominación das ensinanzas, polo que cómpre realizar a correspondente corrección.

En consecuencia, de conformidade coa Orde da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria do 14 de febreiro de 2013 (DOG núm. 62, do 1 de abril) pola que se establecen as normas para a aplicación, a partir do curso académico 2013/14, do réxime de concertos educativos previstos na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, na Lei orgánica 8/1985, do 3 de xullo, reguladora do dereito á educación, e no Real decreto 2377/1985, do 18 de decembro, polo que se aproba o Regulamento de normas básicas sobre concertos educativos, e en aplicación do artigo 105.2 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común,

#### DISPOÑO:

Primeiro. Modificar o anexo I da Orde do 9 de agosto de 2013 pola que se aproban os concertos educativos cos centros docentes privados de educación infantil, educación pri-



maria, educación secundaria obligatoria, educación especial, programas de cualificación profesional inicial e ciclos formativos de graos medio e superior, no relativo ao concerto do CPR Plurilingüe Lar de Mos (Pontevedra) segundo se detalla no anexo I desta orde.

Segundo. Corrixir os erros advertidos no anexo I da Orde do 9 de agosto de 2013, efecto para o que se publica de novo o concerto de ciclos formativos de graos medio e superior dos centros educativos que se detallan no anexo II desta orde.

Contra esta orde de modificación, que pon fin á vía administrativa, poderase interpoñer recurso contencioso-administrativo ante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia no prazo de dous meses, conforme os artigos 8, 10 e 14 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Santiago de Compostela, 30 de agosto de 2013

Jesús Vázquez Abad  
Conselleiro de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria



**ANEXO I**

Código	Centro	Concello	E. infantil		E. primaria		1º e 2º ESO		3º e 4º ESO		Educación especial		
			2º ciclo				Ord.	Horas orient.	Ord.	Horas orient.	Psíquicos	Aut.	Pluri.
			Ord.	Pad.	Ord.	Pad.	Ord.	Pad.	Ord.	Pad.	Ord.	Pad.	
Provincia: Pontevedra													
36005427	CPR Plurilingüe Lar	Mos	6	0	9	0	3	12	4	13	2	0	0

**ANEXO II**

Ciclos formativos de grao medio.

Código	Centro	Concello	Unidades concertadas	Denominación
Provincia: A Coruña				
15021974	EFAG Fonteboa	Coristanco	1	1º C. de Producción Agropecuaria
15021974			1	2º C. de Producción Agropecuaria
Provincia: Pontevedra				
36011609	CPR Colegio Hogar Novacaixagalicia	Vigo	1	1º C. de Preimpresión Dixital
36011609			1	2º C. de Preimpresión Dixital
36011609			1	2º C. de Equipos Electrónicos de Consumo
36011609			1	1º C. de Instalacións de Telecomunicación
36011609			2	1º C. de Mecanizado
36011609			2	2º C. de Mecanizado
36011609			1	1º C. de Instalacións Eléctricas e Automáticas
36011609			1	2º C. de Instalacións Eléctricas e Automáticas
36011609			1	1º C. de Soldadura e Caldeiraría
36011609			1	2º C. de Soldadura e Caldeiraría
36011609			1	Impresión en Artes Gráficas



## Ciclos formativos de grao superior.

Código	Centro	Concello	Unidades concertadas	Denominación
Provincia: Pontevedra				
36011191	CPR Plurilingüe Montecastelo	Vigo	1	2º C. de Mantemento Electrónico
36011191			1	1º C. de Automatización e Robótica Industrial
36011609	CPR Colegio Hogar Novacaixagalicia	Vigo	1	1º C. de Automatización e Robótica Industrial
36011609			1	2º C. de Automatización e Robótica Industrial
36011609			1	1º C. de Programación da Produción en Fabricación Mecánica
36011609			1	2º C. de Programación da Produción en Fabricación Mecánica
36011609			1	1º C. de Mantemento Electrónico
36011609			1	2º C. de Mantemento Electrónico